



Área / Unidad CEMENTERIOS MA2400 GBA	Documento 7411AI04G3	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/13939/2026 22/07/2026
<i>Código de verificación</i>  3W14 6H27 4U5N 5Z4T 19PE	Expediente 741/2025/1330	
	Fecha 21-07-2026	

ASUNTO: DECLARACIÓN DE EXTINCIÓN DO DEREITO DE USO DE INSTALACIÓN FUNERARIA POR VENCEMENTO DO PRAZO

RESOLUCIÓN

Á vista do informe proposta co código 7411AI04DH de documento emitido no Servizo de Medio Ambiente asinado electrónicamente o 20.07.2026, en uso das facultades atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, que foron delegadas pola Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado na súa sesión do día 04.07.2024 (BOP núm.129, do 5 de xullo de 2024) na concelleira de Medio Ambiente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: DECLARAR a extinción do dereito de uso do nicho sinalado co número 97, departamento 20, ringleira 2ª do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro que lle foi concedido en réxime de concesión administrativa a Saturnino Amado Loroño (finado) e Aurora Carneiro López polo vencemento do prazo máximo de duración que rematou o 8 de setembro de 2002; de conformidade co disposto no art. 100, letra c) da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (BOE núm. 264, do 04.11.2003.)

SEGUNDO: INSCRIBIR a nome do Concello da Coruña o nicho sinalado co número 97, departamento 20º, ringleira 2ª do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns Mesoiro.

A Coruña, na data da sinatura dixital que figura neste documento.

Eudoxia María Neira Fernández
Concelleira de Medio Ambiente
Por delegación da Xunta de Goberno Local do 04.07.2024 (BOP núm. 129 do 05.07.2024)